

Consellería de Cultura e Xuventude

Decreto 57/1992, do 19 de febreiro, polo que se desenvolven as funcións dos órganos do sistema bibliotecario de Galicia.

A Lei 14/1989, do 11 de outubro, de bibliotecas, ten como finalidade facilita-lo acceso á cultura en condicións de igualdade para tódolos cidadáns a través da lectura, e esta é unha das funcións que se considera primordial entre as encomendadas ás bibliotecas, así como o coñecemento dos bens do patrimonio bibliográfico custodiados nelas.

Establecidas as liñas xerais do que debe se-lo sistema bibliotecario de Galicia, que se concibe coma un todo para efectos de xestión, planificación e interconexión, e para levar a cabo unha política coherente en materia de bibliotecas que garanta o acceso efectivo de tódolos cidadáns á cultura, faise preciso desenvolve-lo sistema bibliotecario de Galicia no marco lexislado.

Por iso, por proposta do conselleiro de Cultura e Xuventude e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do dezanove de febreiro de mil novecentos noventa e dous,

DISPOÑO:**Artigo 1º**

Os órganos do sistema bibliotecario de Galicia son o Servicio do Libro, Bibliotecas e do Centro Superior Bibliográfico de Galicia, o Consello de Bibliotecas e os centros territoriais de bibliotecas.

Artigo 2º

Serán funcións do Servicio do Libro, Bibliotecas e do Centro Superior Bibliográfico de Galicia, dependente da Dirección Xeral de Cultura da Consellería de Cultura e Xuventude:

1. A coordinación e inspección última das bibliotecas de Galicia.
2. O estudo da planificación dos servizos bibliotecarios e a programación de necesidades.
3. A planificación das bibliotecas itinerantes de préstamo.
4. A proposta de normas técnicas xerais de organización das bibliotecas de Galicia.
5. A elaboración de normas para a utilización do material bibliotecario: libros de rexistro, tarxetas de préstamo e outros.
6. O informe das propostas de incorporación de servizos á rede.

7. O asesoramento técnico a tódalas bibliotecas da rede.

8. Os estudos, informes e asesoramento para a creación de novas bibliotecas ou novos servizos bibliotecarios.

9. A proposta de distribución de créditos.

10. A proposta de adquisición dos lotes bibliográficos fundacionais dos novos servizos bibliotecarios que se incorporen á rede.

11. A proposta de aprobación da distribución dos locais e do amoblamento das novas bibliotecas.

12. A proposta de organización de cursos de formación bibliotecaria.

13. A proposta de apoio á investigación nos eidos bibliográfico e biblioteconómico.

Artigo 3º

O Consello de Bibliotecas, órgano consultivo e asesor da Xunta de Galicia en materia bibliotecaria, terá como funcións, ademais das que lle sinala o artigo 6.3 da Lei 14/1989, as seguintes:

1. Coñece-las liñas xerais das actividades complementarias programadas polas bibliotecas da rede.
2. Asesora-la Consellería de Cultura e Xuventude, cando así se lle solicite, sobre as bibliotecas de especial interese para Galicia e coñece-lo programa anual de distribución de fondos e axudas a estas bibliotecas.
3. Asesora-la Consellería de Cultura e Xuventude sobre cuestións referentes ó sistema bibliotecario de Galicia.

Artigo 4º

A composición e funcionamento do Consello de Bibliotecas rexeranse polo establecido no artigo 6.2 e 4 da Lei 14/1989.

Artigo 5º

Os centros territoriais de bibliotecas son os órganos de orientación e coordinación do funcionamento da rede bibliotecaria no ámbito provincial. Os centros territoriais de bibliotecas serán un por provincia e correspóndense con cada unha das delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Xuventude. A composición e funcionamento dos centros territoriais de bibliotecas rexeranse polo establecido nos artigos 7 e 6.4 da Lei 14/1989.

Artigo 6º

As delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Xuventude, en relación coas bibliotecas incluídas no seu ámbito territorial, realizarán as seguintes funcións:

1. A inspección das bibliotecas, dentro das directrices da Dirección xeral da Consellería de Cultura e Xuventude.

2. O control do funcionamento das bibliotecas.

3. A supervisión do funcionamento das bibliotecas, en especial os horarios de apertura ó público, o cumprimento dos cometidos do persoal, así coma os servizos bibliotecarios.

4. A tramitación e informe dos expedientes de solicitude de bibliotecas de nova creación e dos de traslado de locais.

5. O rexistro provincial de bibliotecas.

6. A xestión das bibliotecas itinerantes de préstamo.

7. A distribución do material técnico entre as bibliotecas.

8. A autorización das expurgacións.

9. A coordinación e tramitación das subvencións ás bibliotecas e a comprobación da utilización dos fondos recibidos.

10. A coordinación dos centros comarcais, as redes urbanas e as mancomunidades de servizos bibliotecarios.

11. A organización de campañas de divulgación dos servizos bibliotecarios e de actividades culturais, así como a coordinación das que promovan as bibliotecas.

12. A elaboración das estatísticas e estudos das bibliotecas da rede.

13. A colaboración, apoio e información ó persoal bibliotecario.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas tódalas disposicións, de igual ou inferior rango, que se opoñan total ou parcialmente ó disposto no presente decreto.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS**Primeira.**

Autorízase o conselleiro de Cultura e Xuventude para dicta-las normas necesarias para o desenvolvemento e execución do presente decreto.

Segunda.

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dezanove de febreiro de mil novecentos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Daniel Barata Quintas
Conselleiro de Cultura e Xuventude

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

Resolución do 21 de xaneiro de 1992, da Dirección Xeral de Obras Públicas, pola que se fai público outorgamento dunha concesión de dominio público no porto do Xufre - Illa de Arousa (Pontevedra).

Cumpridos os trámites previstos pola Lei de portos, aprobada por Real decreto-lei do 19 de xaneiro de 1928, polo seu regulamento de execución, da mesma data, e polas demais normas de procedente aplicación, acordouse por resolución do 18 de decembro de 1991, en virtude das atribucións delegadas por orde do conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas do 25 de outubro de 1983, outorga-la concesión do dominio público portuario que a continuación se cita con suxeición ás condicións estipuladas naquel acto.

Porto: O Xufre - Illa de Arousa (Pontevedra).

Concesionario: José Manuel Aguilar Vilasuso.

Superficie: 255 metros cadrados.

Obxecto: nave para subministración de artigos navais e taller de reparación de motores mariños.

Prazo: vinte (20) anos.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 1992.

Emilio García Gallego
Director xeral de Obras Públicas